



SUXERENCIAS PARA A LECTURA


Educación Primaria

O 25 de Novembro conmemoramos o Día contra a Violencia de Xénero. No centro consideramos que a mellor forma de loitar contra este tipo e toda manifestación de violencia é a prevención e unha educación en valores baseada na igualdade, na coeducación e no respecto.

Con esta guía queremos ofrecervos algunhas suxerencias para traballar a través dos contos a igualdade entre nenos e nenas, homes e mulleres.

Quintiá, X (2007): *Titiritesa*. Col. O. OQO Editora. Pontevedra.

Idade: 5 a 8 anos.




A princesa Titiritesa non quere aprender modales de princesa nin casarse, así que fuxe do reino de Antonte para explorar o mundo. No seu periplo, terá que rescatar á princesa Wendolina do monstruoso Zamposiete Deumbocado. Consegue entablar amizade co el e liberar así a Wendolina. Entre as dúas princesas xorde algo máis que unha fermosa amizade que as levará directamente a celebrar unha feliz voda.



Varela, Nuria: *Martín e a pirata candela*. Hotel Papel

Idade: 6-8 años. Páxinas: 30

Unha noite, a pirata Candela, a máis aventureira de todas as piratas do reino dos soños, foi a visitar a Martín. Dende entonces, Martín sabe que os soños poden cumprirse por moi difíciles que parezan, se se teñen bos amigos. Queres comprobalo? Pois repite comigo: «A toda vela coa pirata Candela!» Nuria Varela Menéndez dende sempre preocupoulle o tema da violencia, en todas as súas manifestacións e por iso cubriu, como xornalista, a maioría dos conflitos bélicos e guerras dos últimos 20 anos. Convencida de que a violencia so enxendra violencia e de que ésta so se termina cunha educación en paz, unha educación en igualdade, "Martín y la pirata Candela" é a súa primeira incursión no mundo da literatura infantil.




SELLIER, M (2010): *Los doce abrigos de mamá*. HOTEL

PAPEL. A partir de 6 AÑOS


Non sei a túa nai, pero a miña... é como a deste libro, ten días. Días nos que é como un gran arco da vella, días nos que o seu olor a pan quentiño reconfórtame e faime sentir ben, días nos

que a súa tenrura, a súa ledicia, non ten límites. Pero tamén están os outros días, nos que parece querer ser invisible, días nos que parece un volcán apunto de estoupar, porque a miña nai, como todas as nais, é muller, e ás veces séntese fráxil, triste, a punto de abandonar... Pero como todas as nais, sempre ten un oco para a paz, a calma, onde atoparse comigo e reconfortarnos.




ANTOLÍN VILLOTA, L.: Virginia Woolf, la escritora de lo invisible. De 9 a 12 anos. Páxinas: 42

Virginia era unha nena de ollos verdes moi abertos e cara redonda con coloretos. Ata os tres anos, apenas abriu a boca e na súa casa andaban un pouco preocupados pero un día mirou pola ventá e dixo: "Esa nube ten forma de gaviota". Dende entón, Virginia non parou de falar. E facíao moi ben. Tan ben que polas noites era ela a que contaba os contos antes de durmir. Virginia nunca deixou de ter un libro entre as mans e moi pronto decidiu que quería ser escritora. Queres ser como Virginia? Pois aquí está a súa historia.



TRASTOS, J; MALET MURIA, O (2009): Julio y Julia. Beascoa. De 5 a 8 anos. 32 páxinas.

Un conto que nos ensina que todos podemos axudar e ser amados. Julia é unha nena albina. Ten o cabelo branco, as mans brancas, os pes brancos e os beizos brancos. Usa anteollos e é insegura. Pero ten un corazón xigante. Julio é un neno cego. Non ve as formas nin as cores. So ve a Lúa e o Sol ou, polo menos, a luz que desprenden.



DRVENKAR, Z.; SCHSSOW, P. : Paula y la levedad del ser. Takatuka. 7-9 anos.

Paula ten 8 anos e nunca estivera tan gorda como agora. Cando se entera de que o seu padriño Hiram vai vir dende Australia de visita, pensa en esconderse, avergoñada de si mesma. Hiram fai algo increíble: lanza a Paula ao aire e esta

queda flotando como unha pluma, e tan a gusto se atopa alí que decide non volver a baixar.

Un libro para nenos e nenas contra os enfermizos modelos de beleza e delgadez dominantes.




RUANO, Sara: *Las Niñas Del Mundo/ Girls Around The World*

Quieres recorrer o mundo e coñecer as costumes de nenas de diferentes países? Poderás coñecer os rasgos principais da súa cultura e comprobar que a pesar de que algúns países están moi lonxe, hai cousas que facemos igual. Estas historias narradas en primeira persoa polas nenas protagonistas de cada país a modo de pequeno apunte sobre a súa vida cotiá teñen como finalidade acercar aos nenos de diferentes culturas, para que valoren diferencias e similitudes.



FRANCO, M (2005): *Annie Bonny, la pirata*. Thule, Barcelona. Recomendado para lectores de 6 a 8 anos.

Trata dunha nena, Annie, que desexa ser pirata pero como é un campo pechado só para homes ten que disfrazarse para conquistar o seu desexo. Descubrirán os piratas que Annie é unha rapaza? Conquistará o seu obxectivo de ser pirata aínda que é unha nena e non un neno? Será aceptada por todos os piratas do mundo?



GALLEGO GARCIA, LAURA: *Sara y las goleadoras 1, 2 3*. A partir de 9 anos.

É a historia de Sara, da súa paixón polo fútbol e de cómo consegue entusiasmar a dez amigas. Todas -as once- comparten instituto, afición, amigos e enemigos... Probablemente, aprender a xogar non vai ser o máis difícil... Sara está moi farta de quedar sempre fóra do equipo de fútbol. Furiosa, propónse convencer ás súas amigas para que formen un equipo feminino.